

ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
PLN/2019/9	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	30 de agosto de 2019
Duración	Desde as 20:30 ata as 22:27 horas
Lugar	Salón de Plenos
Presidida por	María Dolores Castiñeira Alén
Secretaria	Berta Alonso Soto

ASISTENCIA Á SESIÓN

Nome e Apelidos	Asiste
Alejandro Rodríguez Canosa	SÍ
Ana Cristina Pérez Cabaleiro	SÍ
Joaquín Núñez Troncoso	SÍ
Lucía Pereira González	SÍ
María Dolores Castiñeira Alén	SÍ
Miguel González González	SÍ
Noelia Pérez Domínguez	NON
Primitivo González Rodríguez	SÍ
Rubén González Coto	SÍ
Santiago Rodríguez Davila	SÍ
Verónica Tourón Domínguez	SÍ



Ángela Ledo Souto	SÍ
Ángela Valcárcel Bernárdez	SÍ
Escusas de asistencia presentadas: 1. Noelia Pérez Domínguez: «Maternidade»	

Unha vez verificada a válida constitución do órgano, a presidenta abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

Sr. Rodríguez Davila: Disculpa a ausencia de Noelia Pérez Domínguez, que foi recentemente nai.

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación das actas das sesións nº 7 de 15 de xuño e nº 8 de 27 de xuño de 2019

a) Acta da sesión nº 7/2019 de 15 de xuño:

Conforme ao preceptuado no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF, en adiante), a Presidenta pregunta se algún membro do Pleno desexa formular algunha observación á acta da sesión nº 2019/7 extraordinaria de 15 de xuño enviada a todos os membros da Corporación de acordo co art. 113.1.b) ROF.

VOTACIÓN: Non existindo observacións, pola Sra. Alcadesa sométese a votación a aprobación da acta da sesión nº 7/2019, extraordinaria de 15 de xuño, sendo aprobada por UNANIMIDADE dos DOCE membros presentes na sesión.

b) Acta da sesión nº 8/2019 de 27 de xuño:

Conforme ao preceptuado no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o ROF, a Sra. Presidenta pregunta se algún membro do Pleno desexa formular algunha observación á acta da sesión nº 8/2019 extraordinaria de 27 de xuño enviada a todos os membros da Corporación de acordo co art. 113.1.b) ROF.

Sr. Núñez Troncoso: Respecto da intervención do Sr. Rodríguez Canosa, na páxina 23, na sexta liña empezando polo final di: *“o custe deste mandato que propoñemos vai ser de 188160€ unha subida en oito anos de solo 4000€”* refírese ao custe do goberno municipal? Non sei si é un erro de transcripción, ou mantén este dato. Na seguinte liña onde dí: *“O último dato a dedicación que estou propondo para min, o meu soldo vai ser de 1100€ ao mes”* o mesmo, non sei si é un erro, ou é un erro de transcripción por



parte da Sra. Secretaria municipal, pregunto si é un erro ou se mantén ese dato.

Sr. Rodríguez Canosa: Estabamos falando de datos estimativos e se estaba falando do salario que era bruto e eu estaba dicindo que o meu salario ia a ser, aproximadamente, de 1100 € netos, estamos falando de datos aproximados.

VOTACIÓN: Non existindo observacións, pola Sra. Alcaldesa sométese a votación a aprobación da acta da sesión nº 8/2019, extraordinaria de 27 de xuño, sendo aprobada por UNANIMIDADE dos DOCE membros presentes na sesión.

Expediente 1866/2019. Aprobación inicial do Regulamento Orgánico Municipal.

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria
A favor: 7, En contra: 5,
Abstencións: 0, Ausentes: 0

Expediente 1926/2019. Aprobación inicial do Regulamento de Honores e Distincións.

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria
A favor: 7, En contra: 0,
Abstencións: 5, Ausentes: 0

Sra. Alcaldesa: Este regulamento conta co informe favorable de Secretaría e quero mencionar que tamén me toca a min levar nesta lexislatura a Concellería de Igualdade, que este regulamento dalgún xeito anticipase ao Plan de Igualdade que estamos elaborando e que pretendemos traer en breve a este Pleno, e inclúe nalgúns dos seus artigos cuestións de igualdade, como artigo 22.3 de cambio de denominación dalgún dos espazos.

O obxecto deste regulamento é crear un marco, un regulamento que faga que estas distincións que xa vimos aplicando de Salcedenses e Salcedensas distinguidos/as ou os premios na gala do deporte, contén coa aprobación da maioría deste pleno, si recoñecemos a veciños/as desta Vila creo que todos os Grupos da Corporación debemos facer unha proposta e nos unamos. Este é un regulamento que é unha pretensión, non so deste Goberno senón tamén, me atrevo dicir, da Corporación enteira.

Sra. Pérez Cabaleiro: Hai un feito que si nos chamou bastante a atención como xa se recoñeceu na Comisión Informativa por parte da Alcaldesa, e como se recoñece con este regulamento, a mala xestión e o mal facer de todos estes anos do Concello, mala xestión da que vostede formou parte, non se esqueza, e recordamos que nunca houbo un regulamento para as anteriores distincións e honores e so houbo un acordo

plenario pola insistencia deste Grupo, pola insistencia do PP, este bo facer quedou no esquecemento porque so se levou a cabo unha vez, por isto, como sempre dixemos, o PP sempre vai colaborar en mellorar e en facer as cousas ben, e neste caso imos a votar a abstención debido a que imos a propor melloras e a estudar máis detidamente este regulamento.

Sr. Rodríguez Canosa: Dende MS creemos que este regulamento é necesario sobre todo para conseguir o maior consenso posible nestas distincións, nestes nomeamentos, non imos a estar falando do pasado, creemos que hai que mirar cada a diante, temos un mandato de catro anos que debería ser un mandato de respecto e de redución da crispación, os enfados e os tons; o que queremos é aprobar este regulamento para conseguir o maior consenso posible e polo tanto a nosa votación vai ser positiva.

Sra. Tourón Domínguez: Nós tamén demandamos nos últimos anos que existise ese regulamento co cal nos estamos completamente de acordo, volvo a insistir que algunhas cousas se están cambiando a pesar de que se empeña algún grupo en dicir que non. En canto ás aportacións que se queiran facer, benvidas sexan. O noso voto vai ser a favor.

Sra. Pérez Cabaleiro: Neste caso, Álex, está ben que se recoñeza o que se fixo mal por parte do teu grupo, que non facía as cousas ben, que non tiña por regra xeral o bo facer. En canto á crispación estou totalmente de acordo contigo, hai que rebaixar moitísimo o nivel de crispación e para iso fai falta transparencia, bo goberno e sobre todo non difundir falsidades ou mentiras a través das redes sociais, por exemplo.

Sra. Alcadesa: Da lectura a proposta de acordo, seguinte:

Considerándose necesario para este Municipio a aprobación dun Regulamento de honores e distincións, co obxecto de recoñecer e premiar merecementos especiais, servizos extraordinarios e condutas de persoas que se distinguiron, ou se distinguen, dunha maneira especial dentro da localidade, de tal modo que se recoñezan devanditos méritos de maneira pública, destacando aquelas condutas que sexan merecedoras de devandito recoñecemento público.

Visto o proxecto de Regulamento de honores e distincións elaborado ao respecto.

Visto que, por Providencia de Alcaldía de data 19 de agosto de 2019, solicitouse informe de Secretaría en relación co procedemento e a Lexislación aplicable para a aprobación do sinalado Regulamento.

Visto o Informe de Secretaría núm. 2019-0016 e de conformidade co disposto nos artigos 22.2.d) e 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, o Pleno municipal adopta o seguinte

ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o Regulamento de honores e distincións do Concello de Salceda de Caselas.

SEGUNDO. Someter dito Regulamento municipal a información pública e audiencia dos interesados, con publicación en o Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de trinta días hábiles para que poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación. De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.

Simultaneamente, publicar o texto do Regulamento municipal no portal web do Concello [<http://salcedadecaselas.sedelectronica.gal>] co obxecto de dar audiencia aos cidadáns e solicitar cantas achegas adicionais poidan facerse por outras persoas ou entidades.

TERCEIRO. Facultar a Alcaldesa para subscribir e asinar toda clase de documentos relacionados con este expediente. “

VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta, esta resulta aprobada por SETE vostos a favor do/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Movemento Salceda e dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal PSdeG-PSOE e CINCO abstencións dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Partido Popular; adoptándose o seguinte acordo:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o Regulamento de honores e distincións do Concello de Salceda de Caselas.

SEGUNDO. Someter dito Regulamento municipal a información pública e audiencia dos interesados, con publicación en o Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de trinta días hábiles para que poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación. De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.

Simultaneamente, publicar o texto do Regulamento municipal no portal web do Concello [<http://salcedadecaselas.sedelectronica.gal>] co obxecto de dar audiencia aos cidadáns e solicitar cantas achegas adicionais poidan facerse por outras persoas ou entidades.

TERCEIRO. Facultar a Alcaldesa para subscribir e asinar toda clase de documentos relacionados con este expediente.



Expediente 2104/2019. Aprobación de proxecto “Mellora de camiños municipais en San Xurxo e Santa María”.

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria
A favor: 7, En contra: 0,
Abstencións: 5, Ausentes: 0

Sra. Alcaldesa: Este expediente conta cos informe favorables preceptivos, tanto o informe de viabilidade urbanística como de secretaría no que se reflicte o procedemento a seguir, a aprobación deste proxecto como estableceramos no pleno de organización ten que vir a esta sesión plenaria. Dicar tamén que o prazo de execución destas dúas obras remata o 31 de decembro deste ano e, engadir tamén, que temos asinadas as peticións de todos os terreos que se ven afectados por estas obras tan necesarias, este punto vai a defendelo Miguel, coma concelleiro de vías e obras.

Sr. González González: Esta obra enmárcase dentro dunha subvención da Consellería do Medio Rural que sae anualmente, o coñecido como Plan Marco. Nesta ocasión escollemos dúas actuacións, unha principal e outra máis secundaria, a principal vai ser en San Xurxo, o ancheamento do camiño que ven dende o Torreiro da festa ata a estrada provincial que vai de Salceda a San Xurxo, é un camiño moi usado sobre todo para as celebracións relixiosas ou enterros, imos a anchealo a 6 metros, retranqueándose peches e postes do tendido eléctricos. A outra actuación é debaixo da estrada que vai de Porriño a Salvaterra, na estrada vella que vai a Cabreira, no paso que hai na PO510 nace auga, imos quitar esas augas e asfaltar ata case a entrada dos antigos talleres de Altamira, que é a zona mais estropeada, vaise facer cun sobranche que nos quedaba do camiño de San Xurxo.

Sr. González Rodríguez: Sobre esta inversión cuxo orzamento é de 54.000 euros, con respecto das obras ás que se vai aplicar este orzamento, no que se refire a obra de San Xurxo, parécenos unha actuación correcta, case integral, dende o torreiro a estrada provincial, é un camiño moi demandado polos veciños, investir o diñeiro desa subvención neste punto parécenos correcto pero o que se vai facer na fábrica de pedra Altamira, xusto debaixo da PO510, xa o transmitín na Comisión Informativa paréceme un parche, imos a reparar 76 metros, e xusto diante da fábrica Altamira segue habendo fochancas, asfalto en mal estado. Opinamos que hai que ser máis ambiciosos dentro das posibilidades, é dicir, esta estrada dende a de “Mino” ata o taller de pedra Altamira, require algo máis, non unha inversión de 10.000 euros porque iso non vai dar saída nin aos veciños da Feira nin os do Barreiro, porque asfaltar 76 metros é deixar o outro en mal estado non é unha solución, necesitaríamos ese vial en condicións para eliminar moito tráfico do casco urbano que non ten outra saída natural, desconxestionando un pouco mais o que é centro



urbano. Co de San Xurxo estamos de acordo, o de Sta. María non deixa de ser un parche.

Aproveita para recordar que sería máis interesante supervisar máis as obras, tanto na execución coma na súa calidade, estamos vivindo unha época de moitas obras en Salceda que non se dan acabado e detectamos deficiencias na seguridade, tanto para peóns como para vehículos e como para os propios traballadores, creemos que non se cumpren certas medidas. En canto á calidade na rúa Pontevedra, que se humanizou a mediados 2015, saen os adoquíns, pero diante do “Esfarrapada” e do “Shamrock” estase producindo un afundimento da estrada evidente, está rachando o asfalto, non estaría de máis para evitar males maiores que se fixese algún tipo de inspección para saber que é o que está sucedendo aí. Xa para rematar, dado que consideramos un parche a obra de asfaltado ao lado da fábrica altamira, ímonos a abster.

Sr. Rodríguez Canosa: Remítome ao dito polo compañeiro Miguel.

Sr. González González: Como xa dixen anteriormente, a Consellería pon 44000 euros, xa dixen que a obra principal é a de San Xurxo, e co resto faise esa pequeniña actuación debaixo da ponte da PO-510, tes razón en canto ao estado desa estrada, esa estrada está medida, valorada etc... pero está en lista de espera pois hai outras moitas e hai que ter a dispoñibilidade económica e metela nun plan, agora faise isto por urxencia, pois está aí chea de remendos, chea de formigón, de pedra...está moi deteriorada a parte das augas que nacen alí. Con respecto da execución das outras obras, todas as obras teñen un director de seguridade e saúde que ven diariamente, anota as deficiencias t e chámalle a atención a empresa, non creo houbera perigo en ningún momento para os viandantes, vehículos etc...en canto ao ancho diante de Mapfre son 6 metros que é o que se pon en todos os lados, 3 metros para cada carril.

Verónica Tourón: Pola nosa parte, xa o dixen na Comisión, se agradecen todas as aportacións que se fagan neste tipo de obras, é verdade que a obra que está debaixo da ponte, efectivamente faise escasa, entendo que se quixo facer foi aproveitar o remanente da obra de San Xurxo nunha zona que era moi necesaria e evidentemente esa estrada necesita unha modificación e un arranxo integral de toda ela, pero entendo que debemos aproveitar eses remanentes tamén e ir axeitando estas cousas que son máis prioritarias. En canto á seguridade eu acollo as vosas propostas, en algún caso puido darse, estou de acordo co compañeiro en que dicía que hai un director de obra que ten que facerse cargo diso, é cuestión nosa e do director da obra ter a obra con seguridade pero tamén é cuestión de todos que actuemos ben, entendo que as molestias dunhas obras que están sendo largas son moitas e o que estamos intentando entre todos é que remate canto antes e deixalo o mellor posible.

Sr. Alcadesa: Da lectura a proposta de acordo seguinte:



“En relación co proxecto de obras “Mellora de camiños municipais en San Xurxo e Santa María”, redactado polo arquitecto Francisco Javier Carballo Núñez, de data 18 de febreiro de 2019, cun orzamento base de licitación de 54.196,47€ (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a 9.406,00€ euros, e o presuposto sen IVE a 44.790,47€.

Visto que o proxecto financiarase en virtude da subvención por importe de 42201,16 euros, concedida pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER), con cargo ao Plan de mellora de camiños municipais 2019-2020(DOG Núm. 21 de 30 de xaneiro de 2019) segundo a notificación recibida no Concello da Resolución do Director Xeral do AGADER de 10.05.2019

Visto o informe de Secretaría núm. 2019-0018 sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

Visto o informe técnico num. 2019-0174 sobre a conformidade do proxecto á normativa urbanística.

Visto que se cumpren os requisitos son esixidos pola Lei e polo polo Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

Examinada a documentación que a acompaña, e de conformidade co establecido no artigo 21.1 ou) Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en relación coa Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, o Pleno adopta o seguinte

ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar o proxecto de obras “Mellora de camiños municipais en San Xurxo e Santa María”, redactado polo arquitecto Francisco Javier Carballo Núñez, de data 18 de febreiro de 2019, cun orzamento base de licitación de 54.196,47€ (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a 9.406,00€ euros, e o presuposto sen IVE a 44.790,47€.

SEGUNDO. Que leve a cabo o reformulo do Proxecto de obras, de conformidade co artigo 236 da LCSP.”

VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta, esta resulta aprobada por SETE vostos a favor do/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Movemento Salceda e dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal PSdeG-PSOE e CINCO abstencións dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Partido Popular; adoptándose o seguinte acordo:

PRIMEIRO. Aprobar o proxecto de obras “Mellora de camiños municipais en San Xurxo e Santa María”, redactado polo arquitecto Francisco Javier Carballo Núñez, de data 18 de febreiro de 2019, cun orzamento base de licitación de 54.196,47€ (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a 9.406,00€ euros, e o presuposto sen IVE a 44.790,47€.

SEGUNDO. Que leve a cabo o reformulo do Proxecto de obras, de conformidade o artigo 236 da LCSP.

Expediente 2141/2019. Solicitud a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, de desafectación da aula de Revolta.

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

Sra. Ledo Souto: Esta é unha desafección dunha escola unitaria, unha aula que non se está utilizando dende fai dous anos, porque se lle está dando servizo coa outra aula que hai, e despois de dous anos vendo que non se lle está dando utilidade, consideramos que é bo pedir a Xunta de Galicia que nola desafecte para utilizala dende o Concello, ben para os veciños, ou calquera tipo de asociación, porque temos necesidades de locais públicos para acoller todas as asociacións que temos. Trátase de solicitar á Xunta que se desafecte para poder darlle uso dende o Concello cos colectivos, algo que será consensuado entre todos.

Sra. Valcárcel Bernárdez: Dende o noso grupo estamos de acordo que se leven a cabo estas iniciativas, sobre todo para darlle uso a eses inmobles que xa levan tempo deshabitados e así poder previr o seu mal estado e o seu abandono. Quero preguntar si xa sabe cal vai a ser o seu uso, se vai a ser uso municipal ou haberá algunha cesión para algún colectivo ou asociación. O noso voto vai a ser a favor.

Sra. Ledo Souto: O uso non está definido, aquí o que se trouxo foi so a desafección e o uso o consensuaremos entre todos.

Sr. Rodríguez Canosa: Dende MS apoiamos esta desafectación debido a que a escola leva varios anos pechada e non vemos a intención dende a Consellería de Educación de reabrir a aula unitaria da Revolta, polo tanto creemos que polas as necesidades sociais, culturais, etc... de todo o Concello sería bo destinar esta aula a outros usos educativos.

Verónica Tourón: Pola nosa parte estamos totalmente de acordo, o que se trata neste



pleno e única e exclusivamente da desafección da escola, de empezar o trámite que leva uns meses por parte da Consellería, e unha vez teñamos esa desafección haberá que definir os usos, haberá que falar sobre todo coa veciñanza, cousa que non se fixo polo de momento porque o único que se está solicitando é a desafección para despois seguir coa definición de usos.

Sra. Alcaldesa da lectura a proposta de acordo seguinte:

“Solicitud e á Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional de autorización para a declaración da desafección en relación á Escola Infantil de Revolta (Parderrubias)

Considerando que a aula no barrio de Revolta (Parderrubias), leva sen empregarse para tal fin dende o ano 2015 por falta de alumnado e pola existencia de outra aula na mesma parroquia, no barrio de Fontán, que acolle na actualidade os nenos e nenas de Parderrubias.

Considerando que existen unha serie de necesidades do Concello de Salceda de Caselas de diverso carácter social, cultural, etc...

Considerando que a intención do grupo de goberno é manter o carácter de dominio público municipal dos inmobles, mudando só o uso ao que se destinan -mutación demanial-, previa “desafección” do seu uso educativo coma Escola Infantil.

Vista a disposición adicional 15ª.2 in fine da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, segundo a cal, “La conservación, el mantenimiento y la vigilancia de los edificios destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria o de educación especial, corresponderán al municipio respectivo. Dichos edificios no podrán destinarse a otros servicios o finalidades sin autorización previa de la Administración educativa correspondiente”.

PROPOÑO A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

Solicitar á Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, da Xunta de Galicia a autorización para a declaración da desafección en relación á aula de Revolta, situada no barrio do mesmo nome na parroquia de Parderrubias; para destinala a outros usos de carácter social e cultural, previa incoación do correspondente expediente de mutación de uso.”

VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta, esta resulta aprobada por **UNANIMIDADE** dos **DOCE** membros asistentes a sesión; adoptándose o seguinte acordo:

Solicitar á Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, da Xunta de Galicia a autorización para a declaración da desafectación en relación á aula de Revolta, situada no barrio do mesmo nome na parroquia de Parderrubias; para destinala a outros usos de carácter social e cultural, previa incoación do correspondente expediente de mutación de uso.

Expediente 306/2019. Dación de conta de Intervención do cuarto trimestre de 2018.

Dase conta do expediente 306/2016, de intervención correspondente a o cuarto trimestre de 2018 (período de medio pago, morosidade, orzamento 2018, seguimento plan de axuste e informe trimestral execución orzamentaria).

Expediente 1920/2019. Dación de conta da información remitida ao Ministerio de Facenda. 1º Trimestre 2019

Dase conta do expediente 1920/2019 relativo a información remitida ao Ministerio de Facenda, correspondente ao 1º trimestre de 2019 (Execución trimestral orzamento, período medio pago, informe morosidade e seguimento plan de axuste)

Expediente 1922/2019. Dación de conta da información remitida ao Ministerio de Facenda. 2º Trimestre 2019

Dase conta do expediente 1922/2019 relativo a información remitida ao Ministerio de Facenda, correspondente ao 2º trimestre de 2019 (Execución trimestral orzamento, período medio pago, informe morosidade e seguimento plan de axuste)

Sr. Núñez Troncoso: Quería mencionar o informe do Interventor Municipal respecto do que o propio informe de avaliación do Plan de axuste neste Concello, nun parágrafo di: *“El Interventor que suscribe aprecia que de las medidas contenidas en el plan de ajuste aprobado, el incumplimiento es la tónica general”*, ou sexa que se esta incumprindo o plan de axuste, *“conviene señalar que debido al expediente de reconocimiento extrajudicial de créditos el presupuesto para 2019 está agotado en más de un 70%, por lo que es presumible que de no contenerse radicalmente el gasto se vuelva a generar unha bolsa de gasto pendiente de tramitación similar para imputar al presupuesto del siguiente ejercicio”* o que dixemos cando foi do recoñecemento extraxudicial de créditos 1/2019, que tanto se nos dicía que había en caixa “x” miles de euros creo que esta ben claro o que di este informe.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL



Dación de conta de decretos dende o 2019-0603 de 18 de xuño ata o 2019-0820 de 26 de agosto

Sra. Alcaldesa: Dikir que quedamos en traer ao Pleno aqueles proxectos que tiveran importancia para o Concello para a súa aprobación por toda a Corporación, por un motivo de urxencia non se trouxo, por iso quero facer especial fincapé no expediente 1949/2019 de actuacións preparatorias de contrato, neste caso foi polo envío dunha memoria valorada do proxecto para mellorar e acondicionar a estrada e o vial paralelo de Entenza, que da saída aos veciños de Entenza e de Caldelas, non podemos traer a este pleno este proxecto debido aos prazos, necesitabamos remitilo por unha cuestión de urxencia e de necesidade.

A Corporación queda enterada da relación de decretos de Alcaldía referenciada.

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

PREGUNTAS:

Sr. Rodríguez Davila:

1ª Pregunta: Na miña ultima intervención do pleno fixen mención a que o Goberno non amosou á veciñanza o acordo de goberno, e quero preguntar cal é o motivo polo que a día de hoxe os veciños non coñezamos o acordo de goberno ao que chegaron Movemento Salceda e o Partido Socialista, e se teñen pensado amosalo publicamente ou pola contra non o van a amosar.

Sra. Tourón Domínguez: É un acordo de goberno entre dúas forzas políticas e non temos máis que dicir, non debatemos se mostrar ou non á veciñanza, foi remitido á prensa e entendo que os veciños tamén están enterados dos puntos base dese acordo, estaban publicados na prensa.

Sr. Rodríguez Davila: Creo que non están publicados polo tanto o que se trasladou á prensa é unha intención do goberno pero o documento non está. Eu refírome ao documento, esixo en nome deste grupo que se amose á veciñanza ese documento que vostedes asinaron, salvo que nese documento non poña nada interesante para os veciños, igual so pon dous anos eu e dous anos ti. Os veciños temos o dereito de coñecer ese acordo, vostedes que presumen de tan transparente ensinen ese documento, porque o ocultan?

2ª Pregunta: para o Concelleiro de Cultura, Alejandro, vostede mirou a cantidade de tickets de venta de callos, cantos tickets se venderon na edición do ano anterior da festas dos callos?



Sr. Rodríguez Canosa: Dende que cheguei non tiven tempo de mirar o número exacto, pedíronse o mesmo número de tickets que se pediron o ano pasado e cos tickets o que se fai é o que nos indican dende intervención.

3ª Pregunta: Polo tanto segue mantendo a afirmación de que se van a vender 20.000 racións de callos o próximo domingo?

Sr. Rodríguez Canosa: Esa é a previsión que ten o cociñeiro Alejandro Alonso, leva moitos anos traballando na festa dos callos e confío no seu criterio, despois xa se mirará a posteriori cal é o resultado.

4ª Pregunta: O goberno se sinte satisfeito pola planificación, execución, sinalización, os desvíos e a finalización das obras tanto da Devesa como no entorno da piscina na estrada de Entenza? O Goberno cree que a actuación tanto nunha obra coma na outro foi a adecuada, na planificación, no desvío de vehículos, na execución das obras, na sinalización e se a seguridade dos peóns, que segundo vostedes estivo asegurada en todo momento?

Sra. Alcaldesa: Creo que é mellorable, tendo a man todas aquelas aportacións que se poden facer para mellorar a seguridade da que falades, incluso accesos prioritarios para a veciñanza que consideramos que alivian a situación complexa para moitas parroquias, todas esas aportacións tendemos a man a que traballemos en conxunto que é polo que estamos aquí pola mellora deses servizos. É mellorable.

Pregunta 5ª: Onde lle faltei no día de hoxe o respecto á persoa de Verónica Tourón?

Sra. Tourón Domínguez: Non quería faltar á palabra de responder en pleno que che acabo de dar, xa che dixen antes que non che ía responder outra vez sobre a valoración da falta de palabra da concelleira. Esta concelleira tomou unha decisión xunto co seu grupo político, Partido Socialista en Salceda, tomou esa decisión, houbo unha parte á que lle gustou e outra parte á que non lle gustou, gustarlle a todos é bastante difícil, sinto a quen non lle gustou, a decisión foi tomada polo Partido Socialista e isto non foi faltarlle a palabra de nada. Se vostede quere seguir facendo política nesa parte respóndolle no pleno de hoxe pero non vou volver responderlle máis sobre ese tema de ataque persoal cara a miña persoa.

Sr. Rodríguez Davila: Estou de acordo co que dixu pero non respondeu. Onde eu hoxe lle faltei ao respecto? Non lle faltei ao respecto á súa persoa. Se non lle gusta o que dixen é outra cousa.

Pregunta 6ª: Cando ten pensado o goberno entregar a documentación a este grupo que ten pedida dende fai moitos meses, 18 de maio, 14 de novembro de 2018, 11 de xaneiro de 2019, 30 de xaneiro de 2019, 31 de xaneiro de 2019 ou 7 de marzo de

2019?

Alcaldesa: Verei que documentación queda por entregar, revisareina e reponderei a esa petición de documentación que dis, que eu non teño constancia que estea sen entregar.

Sr. Nuñez Troncoso:

Pregunta 1ª: Queriamos saber quen é o responsable de actualizar a páxina web do Concello, si ben é o Concelleiro de área ou hai unha empresa externa que se encarga diso.

Alcaldesa: Faise dende o Concello a actualización desa páxina.

Pregunta 2ª: Porqué está sen actualizar? Levamos case un ano sen actualizar, por exemplo o Inventario de Ben Municipais, que figura actualmente como exposición publica cando está aprobado definitivo dende xaneiro deste ano, porqué están sen actualizar as ordenanza fiscais, o IBI por exemplo?

Alcaldesa: Comprobarei cales son as ordenanzas que non están publicadas e introducímola cando dispoñamos de tempo suficiente para pornos ao día con ese tema, comprométome a revisalo.

Pregunta 3ª: Saíu unha nota de prensa fai uns días con respecto á rebaixa do lixo que nos xa anunciamos por febreiro-marzo que o Concello renunciara a ese 10 % da bonificación do canon e que implicaría unha rebaixa nos recibos de todos os veciños que vivimos en Salceda nun 10 %. Ten pensado o Goberno incrementar algunha taxa ou algún imposto para o 2020? chámesse licenzia urbanística, ICIO, rodaxe, IBI...teñen pensado incrementar algunha destas taxas ou impostos de cara a 2020?

Alcaldesa: Este Goberno fará as revisións e as regularización que sexan pertinentes para que a economía e a sustentabilidade deste Concello sexa correcta.

Pregunta 4ª: Teñen previsto traer os orzamentos de 2020 en prazo?

Alcaldesa: Pretendemos traer os do 2020 en prazo, pero tamén pretendemos traer en breve os de 2019.

Sr. Nuñez Troncoso: Supoño que os de 2019 dará tempo a entrar en vigor en decembro deste ano.

Sra. Pérez Cabaleiro:

Pregunta 1ª: O público de hoxe é o mesmo que se reúne os martes, xoves e domingos

no Centro Social da Devesa e o utiliza como lugar recreativo para xogar as cartas, para o seu lecer e para o seu uso e desfrute, por iso temos unhas preguntas cara iso, porque eles mesmos nos mostraron a súa queixa: o martes 20 atopan a sala deste centro que utilizan pechada e o xoves día 22 dous concelleiros neste caso socialistas acercáronse a eles de forma que elos non viron apropiada e nolo fixeron saber, por iso quero preguntar se considerades que son formas de falar e de tratar aos veciños.

Angela Ledo: Non sei a que te refires, estivo Rubén tamén e que eu se saiba nin fomos maleducados, nin lle faltamos ao respecto a ninguén, nin tivemos ningún problema.

Sra. Alcaldesa: Estou segura que os compañeiros se dirixiron a todo o público con educación e respecto, é certo que as veces as relacións e as comunicacións non son como pretendemos, a Devesa ten agora unhas necesidades específicas, imos a crear alí a atención temperá para os nenos, non tiñamos outro sitio, tal vez non fomos quen de trasladalo coa mellor das comunicacións, pero o equipo completo non ten ningún problema en falar con vos e incluso dicir que estamos traballando nunha alternativa de espazo para vós. Gustaríame que todo fose mais rápido, que o centro de saúde novo estivera xa, que tiveramos disposición de oficinas no centro de saúde vello que puidésemos ter ese servizo de atención temperá en funcionamento que é fundamental para os nosos nenos e darvos a posibilidade a vos de desfrutar dunha oficina ou dun espazo como podería ser o vello centro de saúde, agora mesmo non pode ser, estase buscando alternativas e sei que os/as compañeiros/as están traballando niso.

Sra. Ledo Souto: Concedéronnos a subvención para atención temperá, había que facer a obra porque hai que poñer o servizo en marcha o próximo luns, foi todo moi rápido, estivemos o martes da semana anterior, non había ninguén, volvemos o martes pasado, dixéronnos unha hora e non estaban, estivemos dúas veces alí. Verónica e eu ao ver que se nos viña a semana encima, o mércores fomos Rubén e eu ás cinco da tarde, se lles dixo que non podía xogar as cartas no espazo pequeno, déuselles a razón, díxoselles que había que implantar este servizo alí e se lles dixo que van a poder a xogar no espazo grande os martes, xoves, domingos e festivos sempre, a non ser algunha excepción de algunha festa dos maiores ou do que sexa, que ían poder utilizar os baños da instalación, iso foi no que quedamos, creo que en ningún momento nin Rubén nin eu lles faltamos ao respecto, lles pedimos desculpas pola situación e lles expliquei porqué se dera así a situación, pero ao respecto non se lle faltou a ninguén.

2ª Pregunta: Dixeches de primeiro ata setembro e logo ata decembro.

Sra. Ledo Souto: Falouse no seu día que ese edificio hai que rehabilitalo e sobre todo poñer accesibilidade, porque se o temos destinado a maiores non ten sentido ningún non ter un ascensor e un baño habilitado, pero que ían poder estar alí porque no



servizo de atención temperá a subvención é de dous meses se ben o imos a manter, este ano vai ser así, non se lles dixo en ningún momento que se tiñan que ir ni en decembro nin en outubro.

Sra. Alcaldesa: Quedamos emprazados a ter unha xuntanza e aclarar esta situación, e intentar buscar unha solución.

Pregunta 3ª: Acerca do coche oficial do Concello, nas últimas semanas vimos como en ocasións reiterativas o coche oficial foi utilizado polo cargo de confianza do mesmo en numerosas ocasións, pero creemos que para un uso e disfrute máis ben persoal, polas tardes, polas noites, incluso de madrugada, a unha da mañá, concretamente na parroquia de Entenza. Isto vai ser unha acción reiterativa durante os dous anos neste Concello?

Alcaldesa: O coche oficial está a disposición de todos os meus concelleiros/as e traballadores/as deste Concello que cada vez que o piden pode estar a súa disposición en calquera momento, os dous coches oficias e calquera vehículo que sexa titularidade deste Concello está a disposición deste persoal.

Sr. González Rodríguez:

Pregunta 1ª: Con respecto ao PXOM, cales son as previsións respecto deste documento neste mandato? Cal é o estado actual, crearase algunha comisión informativa para ter informada á oposición de como se vai desenrolando?

Sra. Tourón Domínguez: Aínda non empezamos a miralo, houbo conversas entre o equipo de goberno, o departamento de urbanismo ten un montón de cousas pendentes e o que estou intentando é establecer prioridades e ir quitando aquilo que leva en espera moito tempo e é urxente. O PXOM por suposto o trataremos pero de momento aínda non empezamos a valorar nada, porque entre outras cousas non hai orzamento, non hai posibilidade este ano de nada e para o ano que ven veremos a posibilidade orzamentaria para iso.

Pregunta 2ª: A modificación puntual do Cerquido, tamén se atopa no mesmo estado?

Sra. Tourón Domínguez: No mesmo punto. Nos meses de verán entre vacacións dos dous técnicos do departamento de urbanismo e eu que acabo de empezar non deu tempo a estudar todos os temas grandes, pero o problema principal é a partida orzamentaria que neste momento non temos. Como dicía antes a Alcaldesa vaise traer o presuposto do 2019 en breve, na próxima semana ou en dúas como moito, ese orzamento da cabida ao que da, que é pouca cousa e o seguinte iremos vendo que partidas orzamentarias se poden modificar.

Pregunta 3ª: O que quere dicir é que por problemas económicos está bloqueado

tanto o PXOM como a modificación puntual?

Verónica Tourón: Entre outras cousas hai que ter en conta que para saír se necesita un proceso de traballo moi amplo en tempo, non so tema orzamentario, senón tamén traballo, o PXOM non é un documento que o poida facer eu, chego de concelleira fago o PXOM e o quito, é un documento que ten que marcar unhas liñas de traballo e é o que se intentará facer, dende logo non vai ser inmediato.

Pregunta 4ª: Estame dicindo que da modificación puntual do Cerquido non hai nada, nin proxecto feito nin nada?

Verónica Tourón: Hai un proxecto feito, hai unha valoración, xa o había estando na oposición, había un proxecto que estando na oposición o Partido Popular e o PSOE botou a baixo, había un proxecto no seu día e hai mais traballo feito e hai que analizar ese traballo e ver se ten cabida ou non ten cabida na nova corporación e esa análise non está feita aínda.

Pregunta 5ª: Con respecto a se proxecto da modificación puntual do Cerquido, cando se botou a baixo neste pleno cos votos do PSOE e PP foi coa entrada do cambio da LOUGA 2016, evidentemente eses proxectos quedan invalidados porque non cumpre a legalidade e houbo que facer uns novos proxectos acolléndose as modificación da LOUGA, a pregunta é si hai un novo proxecto redactado porque o outro non vale.

Verónica Tourón: Si, efectivamente hai outro traballo, e repito temos que estudar o tema, mirar como está e mirar se encaixa entre as liñas de goberno que marca este novo equipo, e esa planificación e ese estudio non se fixo aínda.

Pregunta 6ª?: Van facer algunha Comisión Informativa con respecto da Modificación Puntual do Cerquido?

Verónica Tourón: Volvo a repetir, houbo un proxecto anterior, volve haber un proxecto modificado a esa nova lei é o que estamos mirando, o que miraremos é se ese proxecto encaixa nas liñas que marcou este goberno dentro do pacto de goberno, unha vez que teñamos decido se encaixa ou non tomaremos a decisión.

Sra. Valcarcel Bernárdez:

Pregunta 1ª: Neste período de vacacións de verán se fixeron algunhas reformas ou obras nas aulas dos colexios?

Angela Ledo: Si, se fixeron tanto no CRA como na Altamira e aínda se están facendo.

Pregunta 2ª: Podes explicarnos cales foron?



Sra. Ledo Souto: Arranxos nos patios, nas unitarias en todas, se pintaron algunhas aulas, e despachos, priorizando sempre a necesidade das que estaban peor, na sede do CRA tamén se repararon columpios que estaban deteriorados e en Altamira tamén aparte de pintar algunha aulas tamén boutouse formigón na parte de atrás do cole.

Pregunta 3ª: No pleno do mes de abril levouse o expediente de cambio de uso do CRA Raiña Aragonta de Budiño, en que estado está iso?

Sra. Ledo Souto: De momento aínda non se recibiu a resposta da Xunta.

Sr. Rodríguez Davila: Despois de escoitar as intervencións no punto da aula da Revolta na que interviñeron por parte do goberno a Alcaldesa, Alejandro, Ángela e Verónica, catro, o novo regulamento que vostedes queren aplicar no pleno resulta que vostedes consumirían 32 minutos de intervención e nós 5 e 3, oito minutos, iso é o que vostedes queren aplicar neste pleno, que do goberno poidan falar os portavoces dos grupos, o concelleiro da área e a Alcaldesa, catro persoas, para defender un punto e a oposición un concelleiro para defender un punto. Vostedes creen sensato, razoable, coherente que esa sexa a vara de medir, a aplicación dese regulamento sobre os concelleiros desta Corporación?

Sra. Tourón Domínguez: O que está regulado son as quendas de intervención, neste caso somos tres grupos políticos, falamos de democracia e ti o que queres e restrinxir a palabra a un dos grupos políticos do equipo de goberno e eu entendo que aquí temos que ter palabra os tres grupos políticos, no caso da escola na primeira intervención a fixo Gela e eu fixen a segunda, nas dúas intervencións que había e o portavoz do outro grupo, somos tres grupos, igual che gustaría que so fosemos un pero somos tres e imos a manter a nosa condición de grupo e entendo que é así, e que así o elixiron os veciños.

Sr. Rodríguez Davila: Se o obxectivo deste Goberno a través dese Regulamento é axilizar os plenos que sentido ten que se o Goberno trae unha proposta a este Pleno e teñan que defender esa proposta catro persoas dese goberno, se supón que o Goberno estará de acordo salvo que haxa discrepancias. A vostedes lles parece sensato por un lado regular para axilizar o pleno e por outro lado intervir catro persoas do mesmo Goberno sobre o mesmo asunto?

Sra. Alcaldesa: No punto dous debatiuse a aprobación inicial do regulamento Orgánico Municipal onde tiveches a oportunidade de facer todas as aportacións que quixeches e debateuse o punto por dúas quendas consecutivas, creo que non procede esta pregunta.

Sen máis asuntos que tratar, a presidencia remata a sesión na hora indicada ao inicio da presente acta.

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

